

Traballo para venres 17

Empezaremos por matemáticas onde vos preguntarei a taboa que pasei onte. Logo explicarei como se pasa dunha unidade a outra e faremos exercicios.

Acontinuación, explicarei naturais e indicareivos cales son as partes máis importantes.

Finalmente, faremos sociais. Aconséllvos que leades as páxs 104,105,106 e 107 do tema 7.

Xa vos fixen eu os apuntes.

TEMA 7

Os reinos xermanos e a conquista musulmá

A partir do século III, o Imperio romano foise debilitando. No século V, comezou a sufrir ataques de diferentes pobos, coñecidos como pobos xermanos. No ano 476, o último emperador romano foi derrotado.

Trala caída do Imperio romano, na península ibérica instaláronse dous pobos xermanos, os suevos e os visigodos.

O **reino visigodo**, con capital **en Toledo**, venceu o reino suevo e dominou toda a Península.

Adoptaron o latín, aplicaron as leis dos romanos e proclamaron o catolicismo como relixión oficial. Ademais, construíron pequenas igrexas en que usaron o arco de ferradura.

No ano **711**, os musulmáns, procedentes do norte de África, **derrotaron os visigodos na batalla de Guadalete**. Axiña ocuparon case toda a península ibérica e as illas Baleares.

A este territorio chamáronlle **al-Ándalus** e a súa capital foi **Córdoba**. Só se resistiu a zona montañosa do norte.

Ao principio, al-Ándalus foi un **emirato**, é dicir, unha provincia gobernada por un emir. Os **emires** obedecían as ordes dun xefe superior. O emir de Córdoba dependía do califa de Damasco.

No século X, al-Ándalus independizouse de Damasco e converteuse nun **califato**, é dicir, nun territorio gobernado por un califa. **Os califas** eran os xefes supremos. Eles tomaban todos os tipos de decisións, tanto políticas coma relixiosas.

No século XI, o califato desapareceu e al-Ándalus dividiuse en **pequenos reinos** chamados **taifas**.

Os reinos de taifas estaban enfrontados uns contra outros .Esto foi aproveitado polos cristiáns e así foron conquistando a península.

En 1212 produciuse a **batalla de Las Navas de Tolosa**, onde os musulmáns foron derrotados. Despois desta batalla, os reis cristiáns conquistaron case toda al-Ándalus. Só se mantivo un pequeno territorio musulmán na Península: **o reino nazarí de Granada**.

A vida e a cultura en al-Ándalus

O islam é a relixión dos musulmáns e **Alá** e o seu Deus. A doutrina de Alá recóllese no **Corán**, que é o libro sagrado dos musulmáns.

Todo musulmán debe cumprir cinco obrigas:

- Recoñecer a Alá como único deus e a Mahoma como o seu profeta.
- Orar cinco veces ao día.
- Peregrinar á Meca polo menos unha vez na vida.
- Xaxuar durante o mes do Ramadán.
- Darlles esmola aos pobres.

Os musulmáns acoden ás **mesquitas** para orar e estudar os preceptos da súa relixión.

A sociedade

A sociedade de al-Ándalus estaba formada por persoas de distintas relixións.

- Os **musulmáns** eran o grupo máis poderoso. Ocupaban os cargos de goberno e eran propietarios das mellores terras.
- Os **muladí**s eran os cristiáns que se converteran á relixión musulmá.
- Os **mozárabes** eran os cristiáns que continuaron practicando a súa relixión en al-Ándalus.
- Os **xudeus** eran unha minoría. Vivían en barrios separados do resto dos habitantes.

A maioría da poboación de al-Ándalus vivía no campo. Os musulmáns **introduciron cultivos novos**, como as alcachofas, as berenxenas e o arroz. Para regar os campos **construíron noras e canles de rega**.

As cidades estaban rodeadas de murallas. As rúas eran estreitas.

Al-Ándalus converteuse nun importantísimo centro cultural onde vivían ilustres médicos, astrónomos e filósofos.

Os **números** que utilizamos tamén os introduciron os árabes. Grazas a eles temos o cero. A arquitectura árabe caracterizouse polo uso **do ladrillo** decorado con pinturas, azulexos e placas de xeso. Tamén pola gran variedade de arcos.

Ex. 1,2,3, páx 105